

## REFRANEIRO (GALEGO) RELACIONADO CO TEMPO ATMOSFÉRICO

No terceiro trimestre deste curso 2025-26 traballamos o refraneiro galego relacionado coa meteoroloxía nos tres grupos de 3º ESO en que impartimos clase de Lingua galega e literatura.

### Obxectivos da actividade

- Coñecer e valorar a paremioloxía do tempo meteorolóxico empregada en cada ámbito familiar, independentemente da lingua en que esta sexa transmitida.
- Comprender as metáforas presentes nesta mostra da cultura popular.
- Adquirir vocabulario referido á meteoroloxía en lingua galega.
- Reflexionar sobre a importancia deste tipo de produción popular e sobre o seu declive na actualidade.

A primeira fase da actividade consistiu en que o alumnado recadase o material paremiolóxico no seu ámbito familiar, seguindo pautas concretas (na recollida dos refráns debíanse respectar as formas dialectais, castelanismos e outro tipo de desvíos da lingua estándar). O resultado acadado foi altamente satisfactorio; a pesar de que non todo o alumnado puido achegar materiais, o volume e a variedade de refráns reunidos superaron con creces as nosas expectativas iniciais. Ademais, o volume dos materiais recadados en lingua galega superou moi amplamente o doutras linguas, sobre todo as mostras recollidas en castelán, pero tamén as pertencentes a outros dominios lingüísticos (de maneira anecdótica tamén se achegaron mostras en aragonés, alemán, inglés ou francés).

O traballo dos grupos co material recollido levouse a cabo en dúas sesións na última semana do curso, despois de rematados os exames finais.

Na primeira sesión formáronse grupos de traballo de 5 ou 6 alumnos. A cada grupo entregóuselle un pequeno repertorio de refráns cuxo significado debía dilucidar, e o resultado do traballo en común foi exposto para que o resto de compañeiros valorase a adecuación das interpretacións de cada grupo. Nesta fase do traballo observouse a dificultade que boa parte do alumnado de 3º ESO ten para comprender o valor metafórico de moitos refráns, ou a súa falta de familiaridade coas referencias culturais presentes neles (alusións ao santoral ou festas relixiosas, denominacións tradicionais dos meses do

ano, referencias á cultura material agrícola e aos labores de cultivo...). É dicir, o mundo tradicional reflectido polo refraneiro galego é xa totalmente alleo á cotiandade das xeracións actuais máis novas.

Na segunda sesión de traballo pasouse un cuestionario (véxase o documento anexo) que debía ser respondido novamente polos grupos conformados na sesión anterior. Entre outros asuntos tratábase de facer reflexionar ao alumnado sobre o contexto que orixinou este tipo de creacións populares e como as transformacións socioeconómicas producidas nas últimas décadas en Galicia poñen en serio perigo a conservación de boa parte do refraneiro galego tradicional (os propios alumnos e alumnas constataron como a xeración de seus pais e nais coñecía poucos refráns, e era a xeración dos avós e avoas a principal fonte de información; así mesmo, algúns destes avós e avoas comentaron que as xeracións anteriores, xa desaparecidas, eran as que realmente tiñan un dominio amplo do refraneiro galego.

Púidose constatar que boa parte do alumnado considera que o refraneiro relacionado co tempo atmosférico perdeu hoxe en día a súa utilidade (a proba evidente é a perda de transmisión xeracional), pero como nota positiva hai que indicar que a totalidade dos alumnos e alumnas valora positivamente a necesidade da súa preservación como parte importante do acervo cultural e lingüístico galego.

